

Disposición transitoria única. *Aplicación e adaptación.*

Os contratos celebrados antes da entrada en vigor desta lei, que conteñan condicións xerais, poderán inscribirse no Rexistro de Condicións Xerais da Contratación, agás que por norma expresa se determine a obrigatoriedade da inscrición, caso en que o deberán facer no prazo que indique a dita norma.

Desde a entrada en vigor desta lei, poderán exercerse as accións de cesación, de retractación e declarativa reguladas nela.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Todo o contido da presente lei é, conforme o artigo 149.1, 6.^a e 8.^a da Constitución española, de competencia exclusiva do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Autorizacións.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións de desenvolvemento ou execución da presente lei, nas que se poderán tomar en consideración as especialidades dos distintos sectores económicos afectados, así como para fixa-lo número e a residencia dos Rexistros de Condicións Xerais da Contratación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta lei.

Madrid, 13 de abril do 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8912 LEI 8/1998, do 14 de abril, de ampliación do concepto de familia numerosa. («BOE» 90, de 15-4-1998.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a presente viren e entenderen. Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, na súa disposición derradeira cuarta modificou o concepto de familia numerosa, comprendendo desde entón as familias con tres ou máis fillos.

Isto supuxo a modificación, só en parte, da Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección á familia numerosa. O artigo primeiro do regulamento, que desenvolvía a dita lei, establecía o concepto e a clasificación das

familias numerosas. O segundo suposto incluía a consideración de familia numerosa de «familias con tres fillos, sempre que un destes sexa subnormal, minusválido ou incapacitado para o traballo».

Xa a Lei 21/1986, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1987, na súa disposición adicional décimo terceira, ampliou o concepto de familia numerosa a aquelas familias nas que os dous fillos fosen discapacitados.

O Real decreto 1801/1995, do 3 de novembro, desenvolveu a ampliación do concepto de familia numerosa para, desta forma, permiti-la aplicación dos beneficios da familia numerosa en todo o territorio do Estado español, segundo esixía a disposición derradeira cuarta da Lei 42/1994. Pero no dito texto normativo non se recollera a consideración antes indicada verbo da ampliación do concepto de familia numerosa en supostos de fillos con discapacidades.

Artigo único.

Engádese un parágrafo segundo á disposición derradeira cuarta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, co seguinte texto:

«Un. (Parágrafo segundo).

«Será tamén familia numerosa aquela que tendo dous fillos, polo menos un deles sexa minusválido ou incapacitado para o traballo.»

Disposición derradeira primeira.

No prazo máximo de tres meses, desde a entrada en vigor da presente lei, o Goberno procederá á modificación do Real decreto 1801/1995, do 3 de novembro, para axeitalo ó contido da presente lei.

Disposición derradeira segunda.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9261 REAL DECRETO-LEI 2/1998, do 17 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas inundacións e temporais ocorridos entre novembro de 1997 e febreiro de 1998. («BOE» 93, de 18-4-1998.)**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A ininterrompida sucesión de fenómenos meteorolóxicos adversos, que se viñeron producindo en gran parte da xeografía española durante 1997, continuou durante os últimos meses dese ano, así como nos meses de xaneiro e febreiro de 1998.

Efectivamente, as Comunidades Autónomas de Andalucía, Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León e Cataluña sufriron as consecuencias de diversos episodios de intensas choivas, o que provocou inundacións e desbordamentos de ríos e arrosos, afectando producións,

infraestructuras e servicios públicos e privados, vivendas, industrias e comercios.

A magnitude destes feitos, os seus efectos catastróficos e a súa proximidade no tempo esixen, desde o principio constitucional de solidariedade, unha acción dos poderes públicos tendente á adopción de medidas paliativas e reparadoras que sexan adecuadas á situación creada e contribúan ó restablecemento gradual da normalidade nas zonas sinistradas, establecéndose, pola súa vez, os procedementos que garantan, coa necesaria rapidez e flexibilidade, o financiamento dos gastos que se deriven da reparación dos danos producidos e da rehabilitación dos servicios públicos afectados.

O obxectivo desta norma é aprobar un amplo catálogo de medidas que afectan a varios Departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados e axudas ós Concellos e particulares, intentan coadxuvar ó logro da normalidade.

Así mesmo, establécense precisións para lograr que a aplicación das medidas adoptadas se leve a cabo mediante a debida coordinación de actuacións entre os órganos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas e das Administracións locais afectadas.

Especial relevancia tiveron os danos ocorridos nos termos municipais de Écija e Camas (Sevilla), que acadaron un nivel tal que moitas familias perderon a totalidade das súas pertenzas e sufriron danos moi graves nas súas vivendas habituais. Neste sentido, resulta necesario modula-lo réxime das axudas estatais de xeito que, á marxe de las xa recollidas, en relación con danos materiais de particulares e familias, se establezan mecanismos específicos de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Andalucía e as corporacións locais dos devanditos termos municipais.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do Vicepresidente Primeiro do Goberno e Ministro da Presidencia, do Vicepresidente Segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos Ministros do Interior, de Fomento, de Educación e Cultura, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria e Enerxía, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de abril de 1998,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas no presente Real Decreto-lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas inundacións ocorridas nas Comunidades Autónomas de Andalucía, Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León e Cataluña nos meses de novembro e decembro de 1997 e xaneiro e febreiro de 1998.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados ós que concretamente sexan de aplicación as devanditas medidas, serán determinadas por Orde do Ministro do Interior.

2. Para os efectos de tales actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos Departamentos ministeriais competentes.

3. Para os proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais ou núcleos de poboación a que se refiren as alíneas anteriores, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equi-

pamentos o instalacións e servicios recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e á rede viaria de titularidade das Deputacións Provinciais aplicaráselle-lo trámite de urxencia e o Estado poderá concederlles unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Os danos directos ocasionados por inundación, choiva torrencial, choiva persistente, arrastre de terras e/ou ventos furacanados sobre producións agrarias, aseguradas en pólizas en vigor do Seguro Agrario Combinado, regulado pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, cando os tales riscos non estean incluídos nas Ordes reguladoras das condicións de aseguramento, serán obxecto de indemnización.

O financiamento dos gastos derivados do disposto no parágrafo anterior realizarase con cargo ás dotacións orzamentarias existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou no organismo «Entidade Estatal de Seguros Agrarios», incluídos os remanentes de créditos extraordinarios procedentes dos Reais Decretos-leis 4/1997, 18/1997, 24/1997 e 29/1997, asignados a ese Departamento para cubrir danos desta natureza. Para estes efectos, tramitaranse os expedientes de modificacións orzamentarias que resulten necesarios sen que a estes lles sexan de aplicación as limitacións establecidas no artigo 70 do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria, nin as sinaladas no artigo 10, dous e tres, da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1998.

Artigo 3. *Danos en infraestructuras medioambientais.*

Facúltase a titular do Ministerio de Medio Ambiente para declarar zonas de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que ese Departamento, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes del, no ámbito das súas competencias, poidan restaurar no posible os danos sufridos.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras destinadas a repara-los danos causados en infraestructuras hidráulicas, en costas e as de restauración hidrolóxica forestal e de conservación de solos nas concas hidrográficas afectadas.

Artigo 4. *Danos nas restantes infraestructuras públicas.*

Facúltase ó titular do Ministerio de Fomento para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que ese Departamento, os seus organismos autónomos e as entidades públicas dependentes del, no ámbito das súas competencias, poidan restaurar no posible os danos sufridos.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras destinadas a repara-los danos causados en infraestructuras estatais que sexa necesario que execute o citado ministerio.

Artigo 5. *Bonificacións fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza rústica correspondentes ó exercicio de 1997 ou 1998, en función da data de produción dos danos, que afecten a explotacións agrarias situadas nos municipios que determine a Orde Ministerial que se dictará en desenvolvemento do artigo 1, nas que se producen estragos en colleitas, gandos ou bens que constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Igualmente e para o mesmo exercicio económico, concédese a exención das cotas do Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das choivas e temporais, cando se acredite que tanto as persoas como os bens situados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

3. Concédese unha redución no Imposto sobre Actividades Económicas para o exercicio de 1997 ou 1998, en función da data de produción dos danos, ás industrias, ós establecementos mercantís e ós profesionais con locais de negocios ou bens afectados a esa actividade que fosen danados como consecuencia directa das choivas e temporais, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata a súa reiniciación en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela que producirá os seus efectos desde o día 31 de decembro de 1996 ou desde o día 31 de decembro de 1997, en función de que os danos se producisen en 1997 ou 1998, respectivamente.

4. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nas alíneas anteriores comprenderán as dos recargos legalmente autorizados sobre eles.

5. Os contribuíntes que, tendo dereito ás exencións establecidas nas alíneas anteriores, xa satisfixesen os recibos correspondentes a ese exercicio fiscal poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

6. Minorarase na cantidade de 165.000 pesetas a cota tributaria correspondente ó Imposto especial sobre determinados medios de transporte, regulado pola Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especiais, pola primeira matriculación definitiva que se produza en España de vehículos novos ou usados, como consecuencia da adquisición de automóbiles efectuada para substituír outros que padecesen sinistro total por causa das choivas, temporais ou inundacións, sempre que se xustifique a súa baixa por tal motivo na Xefatura de Tráfico e que tal adquisición se realice no prazo dun ano a partir da data de publicación do presente Real Decreto-lei. En ningún caso a dedución practicable na cota poderá supera-lo importe desta.

Así mesmo, a tramitación das baixas de vehículos, solicitadas como consecuencia dos danos producidos polas choivas e temporais, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados por esas causas non devengarán as taxas correspondentes ós respectivos servizos da Xefatura Central de Tráfico.

7. A diminución de ingreso que as normas deste artigo produzan nos Concellos e Deputacións Provinciais será compensada mediante a imputación específica do seu importe con cargo ós recursos derivados do artigo 78 da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1998.

Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións agrarias e actividades agrarias realizadas nas zonas que determine a orde ministerial que se dictará en desenvolvemento do artigo 1 do presente Real Decreto-lei e conforme as previsións contidas para o respecto no artigo 28, alínea catro, 1, do Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, aprobado por Real Decreto 1841/1991, do 30 de

decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional para 1998, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde do 13 de febreiro de 1998, sobre aplicación do método de estimación obxectiva por signos, índices ou módulos no Imposto sobre a renda das persoas físicas para 1998.

Artigo 7. *Medidas laborais.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas inundacións e temporais terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior coas consecuencias que se derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A autoridade laboral poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que teñan a súa causa inmediata nas choivas, inundacións e temporais, non se compute para os efectos de consumi-los períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos en tales expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia non incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, correspondentes ós meses de febreiro a abril de 1998, ámbolos dous inclusive.

Os traballadores por conta propia incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, domiciliados na zona afectada polas inundacións, gozarán de exención do pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ós meses de febreiro a abril de 1998, ámbolos dous inclusive, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, concédese exención no pagamento das cotas do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social polas súas xornadas reais, correspondentes ós meses de febreiro a abril de 1998 con dereito a devolución, se é o caso, das xa aboadas.

3. Para levaren a cabo as obras de reparación dos danos causados, as Corporacións Locais poderán solicitarlle subvencións ó Instituto Nacional de Emprego, ó abeiro do previsto na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 2 de marzo de 1994 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións para este Instituto no ámbito das Corporacións locais para a contratación de traballadores desempregados na realización de obras e servizos de xuro xeral e social. Na Comunidade Autónoma de Andalucía, os proxectos de obras e servizos poderán afectarse ó Acordo para o Emprego Agrario, de conformidade coa súa normativa reguladora.

Por outra banda, para a realización das obras de reparación dos servizos públicos, as Administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestructuras e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos inclúense, en todo caso, entre as infraestructuras, as hidráulicas, educativas, sanitarias, costas, estradas, dominio público marítimo-terrestre e, en xeral, calquera que resultase afectado polas choivas e inundacións.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras ás que se refire o presente artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos a que se refiren os artigos 81 e 83 do Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 9. *Axudas de emerxencia.*

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar os danos causados polos devanditos fenómenos atmosféricos rexeranse polo establecido na orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, modificada parcialmente pola do 30 de xullo de 1996, sobre procedemento de concesión de axudas en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas e financiaranse con cargo ó crédito extraordinario ó que se refire o artigo 10.1 do presente Real Decreto-lei.

Artigo 10. *Créditos extraordinarios.*

1. Concédese un crédito extraordinario, dotado con 900 millóns de pesetas, no vixente Orzamento de Gastos do Estado, Sección 16 «Ministerio do Interior», Servicio 01, «Ministerio Subsecretaría e Servizos Xerais», Programa 223A «Protección Civil», Concepto 481 «A familias e institucións sen fins de lucro, para a concesión de axudas de carácter inmediato derivadas de situacións de emerxencia, calquera que sexa a natureza do gasto e o seu destinatario, segundo o Real Decreto-lei 2/1998».

2. Concédese un crédito extraordinario, dotado de 1.100 millóns de pesetas no vixente Orzamento de Gastos do Estado, Sección 22 «Ministerio de Administracións Públicas», Servicio 03 «Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais», Programa 912B «Cooperación Económica Local do Estado», Concepto 761 «A Corporacións Locais, para reparación de danos en infraestructuras de carácter local, segundo o Real Decreto-lei 2/1998».

3. Os créditos extraordinarios ós que se refiren as alíneas anteriores financiaranse con Débeda Pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.

4. Os remanentes que presenten os indicados créditos ó remata-lo exercicio 1998 poderán incorporarse ó orzamento do exercicio seguinte.

Artigo 11. *Liñas preferenciais de crédito.*

O Instituto de Crédito Oficial (ICO), como Axencia Financeira do Estado, propondrá un acordo coas entidades financeiras con implantación nas Comunidades Autónomas afectadas, polo que o ICO porá, ó dispor delas, liñas de préstamo por un importe total de 3.000.000.000 de pesetas, que poderá ser ampliado polo Ministro de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda de préstamos conseguinte.

Estas liñas de préstamo terán como finalidade anticipa-la reparación ou reposición de instalacións industriais e mercantís, explotacións agrarias e gandeiras e locais de traballo de profesionais que quedasen inutilizados como consecuencia dos temporais e inundacións, e materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, e as súas características serán:

Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación ou Subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros. Prazo: o establecido entre as partes, cun máximo de sete anos. Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será o 2,5 por 100 TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,5 por 100. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestatario será do 3 por 100 TAE. Tramitación: as solicitudes serán presentadas á entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo ó seu cargo o risco da operación.

O crebando que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 2,5 por 100 TAE, será cuberto con cargo ós Orzamentos Xerais do Estado.

Artigo 12. *Cooperación coas Administracións locais.*

Facúltase a titular do Ministerio de Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 13.2, para propo-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 1.3, con cargo ó crédito establecido na alínea 2 do artigo 10, así como a establece-lo procedemento para a concesión das devanditas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das Entidades locais.

Artigo 13. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas no presente Real Decreto-lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e integrada por representantes da Presidencia do Goberno e dos ministerios de Economía e Facenda; do Interior; de Fomento; de Educación e Cultura; de Traballo e Asuntos Sociais; de Industria e Enerxía; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Administracións Públicas, e de Medio Ambiente, así como polos Delegados do Goberno das Comunidades Autónomas nas que resulte de aplicación o presente Real Decreto-lei.

2. A determinación e avaliación xeral das necesidades que hai que atender coas medidas previstas no presente Real Decreto-lei levaraa a cabo a Comisión á que se refire a alínea anterior, en coordinación coas autoridades das Comunidades Autónomas, a través das Delegacións do Goberno.

Artigo 14. Consorcio de Compensación de Seguros.

1. Sen prexuízo do establecido sobre determinación e avaliación xeral das necesidades que hai que atender, os Delegados e Subdelegados do Goberno poderán solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos, as correspondentes valoracións destes, sempre que non afecten a bens de titularidade estatal.

2. Os gastos xerados polas valoracións ás que se refire a alínea anterior atenderanse con cargo ós créditos extraordinarios establecidos no artigo 10 do presente Real Decreto-lei e, para eses efectos, o Ministerio de Economía e Facenda autorizará as correspondentes transferencias de crédito.

Disposición adicional primeira. Competencias das Comunidades Autónomas.

O establecido no presente Real Decreto-lei enténdese sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás Comunidades Autónomas, ó abeiro dos seus estatutos de autonomía.

Disposición adicional segunda. Límites das axudas.

O valor das axudas concedidas en aplicación do presente Real Decreto-lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional terceira. Axudas excepcionais.

1. Para a valoración dos danos en vivendas e utensilios nos termos municipais de Écija e Camas (Sevilla) creárase unha Comisión técnica mixta, integrada por un representante da Administración xeral do Estado e outro por cada unha das demais Administracións Públicas afectadas que desexen incorporarse a ela.

2. A comisión técnica mixta realizará unha valoración individualizada dos danos sufridos polos particulares en vivendas e utensilios e determinará a axuda que hai que conceder cun límite máximo de 4.000.000 de pesetas.

3. O financiamento específico destas axudas efectuarase nun 50 por 100 pola Administración xeral do Estado con cargo ó crédito establecido na alínea 1 do artigo 10 do presente Real Decreto-lei, e o resto, polas outras Administracións territoriais intervenientes na citada Comisión mixta, segundo os acordos que elas acaden.

4. A Administración Xeral do Estado fará efectiva a parte que lle corresponda das axudas cando exista constancia do compromiso de pagamento por parte das restantes Administracións públicas integrantes da Comisión técnica mixta.

5. A percepción das axudas sometidas ó réxime excepcional previsto nas alíneas anteriores desta disposición adicional será incompatible coa das establecidas na Orde ministerial do 18 de maio de 1993, modificado parcialmente pola do 30 de xullo de 1996.

Disposición derradeira primeira. Facultades de desenvolvemento.

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido no presente Real Decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9477 LEI 9/1998, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 96, de 22-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os criterios de localización dos servizos de telecomunicación establecidos nas normas comunitarias dadas para a harmonización do imposto sobre o valor engadido, que levan a súa tributación ó país onde radica a sede ou establecemento permanente de quen os presta, unido ós modernos avances da tecnoloxía, que permiten prestar tales servizos con toda facilidade desde calquera lugar do mundo para calquera destino, están a producir unha progresiva diminución da recadación na Comunidade Europea, ó trasladada-la súa tributación cara a países terceiros con fiscalidade máis reducida e discriminan ás empresas comunitarias fronte ás situadas fóra da Comunidade, que poden prestar estes servizos en mellores condicións económicas. Esta situación agrávase especialmente cando o destinatario non ten a condición de empresario ou profesional ou é unha empresa que non pode deducir-lo imposto soportado nas súas adquisicións.

Para evitar estas consecuencias, o Consello da Comunidade Europea adoptou unha decisión, con data do 17 de marzo de 1997, pola que se autoriza ós estados membros a aplicar unha excepción ó disposto no artigo 9 da sexta Directiva en materia do imposto sobre o valor engadido (77/388/CE), do 17 de maio, para que os servizos de telecomunicación se poidan localizar onde radique a sede ou o establecemento do destinatario, debendo nestes casos aplicar tamén as excepcións contidas na letra b) do número 3 do citado artigo, co obxecto de evitar distorsións de competencia.

Esta decisión precede á aprobación dunha directiva xa en estudio, cun longo e complexo proceso de adopción que non podía dificultala necesaria e urxente incorporación destas medidas.

A decisión do Consello da Comunidade non obriga ós estados membros a adoptala, senón que só os faculta para iso, pero tódolos estados membros se comprometeron a incorporala ás súas lexislacións nacionais como única solución para que non se produzan no ámbito comunitario situacións de dobre tributación ou de non-imposición polo consumo dos mencionados servizos.

En cumprimento de tal decisión, cómpre modifica-lo artigo 70 da Lei do imposto sobre o valor engadido para incorporar-las novos criterios de localización dos servizos de telecomunicación, que tributarán no sucesivo no lugar onde radique a sede ou o establecemento permanente do destinatario, agás que non teña a condición de empre-